

FIADDEIRO

SEGUNDA ÉPOCA: Nº 5



NADAL 2004



¡ FELICES FESTAS !



C.E.I.P. DE BELUSO

ÍNDICE



EDITORIAL

EDUCACIÓN INFANTIL:

- **BENVIDOS Ó COLE**
- **OS PEQUENOS TAMÉN OPINAN**

UN DÍA DE EXCURSIÓN NA PANADERÍA

DEREITOS E DEBERES

A VENDIMA

HISTORIA DE PAPÁ NOEL

LARPEIRADAS CONTRA O FRÍO

A CASA DO POBO

POESÍAS



EXCURSIÓN A BELÉN

CONTOS

UNIDOS POR UN MISTERIO

DEPORTES

PASATEMPOS



EDITORIAL

Un ano máis, polo Nadal, estou aquí presente para que vexades dentro de min algúns dos traballos realizados polos alumnos do CEIP de Beluso neste primeiro trimestre do curso. Publícanme a min, o **FIADEIRO**, para mostravos un pouco de todo : contos, poesías, debuxos, pasatempos, chistes... Desde o máis adentro do meu corazón quero agradecer o esforzo realizado polos alumnos deste centro, e tamén a axuda de profesores e pais para confeccionar este periódico escolar. ¡Gracias polos vossos traballos e a colaboración ofrecida!

Este ano a comunidade educativa quiere rendirle homenaxe ás familias que perderon, no terrible atentado do 11-M, a algún dos seus seres máis queridos. Reciban o noso máis sentido pésame.

Desexamos que o vindeiro ano 2005 sexa bo e próspero para todos, que disfrutedes coas vosas familias e amigos nestas datas e pensedes na xente que non ten a mesma sorte ca vós.

Un saúdo e...



¡Próspero Aninovo!




ii BENVIDOS Ó COLE !!

Nós somos os que entramos por primeira vez no noso cole, o C.E.I.P. de Beluso. Queremos que nos coñezades e ímonos presentar un por un.

Somos:





OS PEQUENOS TAMÉN OPINAN



-A mamá é quen te criou, a min, o meu irmán e a meu outro irmán.
-Cando somos pequenos damos leite da teta.
-Cando somos malos as mamás son malas, pegan e castigan.
-As mamás riñenlles ós papás.
-Son as que teñen o pelo largo e andan con móbiles.
-As nais saben facer mellores comidas cós pais.

-Os papás van ó mar, traballan e despois de pescar o pulpo, a comer, a limpiarse e para cama.
-O papá é un señor que é papá porque lle deu a gana.
-Os papás son maiores porque medraron.
-Durmen coas mamás na cama.
-Fan facturas por se queren traballar.



-As madriñas regálannos os ovos Kinder.

-Fanse padriños cando un é bebé.

-Meus padriños danme cartos.

-Os padriños son moi bos, porque nos regalan ovos de Pascua e roscón.



-Os avós son máis vellos ca nós, nacen antes ca nós e cando eu medrei xa tiñan o pelo branco.

-A cara téñenna un pouco arrugada.

-Coidannos e cando non hai luz poñen velas.

-Ás veces doulle clases ó avó e o enséño a pintar



UN DÍA DE EXCURSIÓN NA PANADERÍA

Os nenos e nenas de primeiro e segundo fomos de excursión a unha panadería a observar como se elaboraba o pan. Pasámolo moi, moi ben, amasando o noso propio bolíño pero, como somos moi, moi listos, fixemos unha investigación do proceso, xa que temos un xeito de "detectives privados".



Este é o noso traballo:

1. *¿Que ingredientes leva o pan?*

Fariña, sal, auga e levadura.

2. *¿Que ferramentas se usan para face-lo pan?*

Amasadora, as mans e o forno..



3. *¿Que outros alimentos se elaboran na panadería?*

Empanadillas, croisans, empanadas, bolos, tartas, pasteis, magdalenas, rosquillas, biscoitos e roscóns.

4. *¿Como se amasa?*

Mezclo os ingredientes e fago unha masa. Logo amaso coas mans e co rolo.

5. *¿Que variedades de pan cocen no forno?*

Barras de pan, bolíños e bolas.

6. *¿Coñeces outros tipos de pan?*


Pan de millo, pan de noces, pan de molde e pan de centeo.

1º



Curso.

DEREITOS E DEBERES




DEREITOS	DEBERES
Tenemos el derecho de ser felices.	Y el deber de hacer felices a los demás
Nadie puede maltratarnos por la raza, el sexo, o el color de nuestra piel.	Debemos respetar a todas las personas sea cual sea el color de su piel o su origen
Tenemos el derecho a crecer en un lugar saludable	Y el deber de conservarlo limpio para los que vengan después.
Tenemos el derecho a vivir con nuestros padres.	Y el deber de respetarlos y quererlos.
Tenemos el derecho de ir a la escuela y escoger la que más nos gusta.	Y el deber de estudiar y de respetar a todos los que van.
Todos tenemos derecho a disfrutar de las mismas oportunidades.	Y el deber de aprovecharlas.
Tenemos el derecho de recibir atención médica y socorro.	Y el deber de ayudar a la gente, sobre todo a los ancianos.
Nadie tiene derecho a esclavizarnos.	Y nosotros tenemos el deber de no ser crueles con los demás.
Poseemos el derecho de tener un nombre, un país y una lengua.	Y el deber de respetar todos los nombres y las lenguas del mundo.
Tenemos el derecho de no pasar hambre.	Y el deber de comer de todo y saber compartir con los demás.
Tenemos el derecho a vivir en una casa.	Y el deber de respetar no sólo nuestra casa sino también la de los demás.
Tenemos el derecho de divertirnos.	Y el deber de alegrar la vida a las personas que nos rodean.
Nadie puede ser marginado por sus problemas físicos ni psíquicos.	Tenemos el deber de aceptar, ayudar y no maltratar a aquellas personas que los tengan.
Tenemos el derecho a vivir en paz.	Y el deber de solucionar los problemas sin pelearnos.
Las niñas no tienen menos derechos que los niños.	
Los niños no tienen menos derechos que las niñas.	

Esta era a sesión de clase “**Os dereitos e deberes dos nenos**” un libro de Mercé Aránega da editorial edebé. A partir de aí os nenos quixeron facer a súa aportación.



Tengo derecho a tener un profesor particular.	Y el deber de aguantar la riña cuando me porto mal.
Tengo derecho a comer chuches todos los días.	Y el deber de lavarme los dientes.
Tengo derecho a jugar	Y el deber de recoger lo que tire.
Tengo el derecho de enfadarme con mi familia.	Y el deber de respetarla cuando estoy enfadado.
Tengo el derecho a tener novia.	Y el deber de respetarla y quererla.
Tenemos el derecho de jugar.	Y el deber de jugar con los demás.
Tengo derecho a tener mascotas.	Y el deber de darles de comer, cuidarlas y hacerlas felices.
Tengo derecho a ir a la escuela.	Tengo el deber de hacer los deberes. Y a saber los números, aprender y de ser listo.
Tenemos derecho a ir a la biblioteca.	Y el deber de leer y cuidar los libros.
Tenemos derecho a aprender a sumar.	Tenemos el deber de atender en clase.
Tenemos derecho a ver la tele.	Y el deber de bajar el volumen de la tele..
Tenemos derecho a comer cosas sanas.	Y el deber de lavarnos las manos antes de comer.
Tenemos derecho a que nos quieran.	Y el deber de hacer felices a los demás.
Tenemos derecho a tener amigos.	Y el deber de tener cariño a todos menos a los que no me quieren como..... que me insulta.
Tenemos derecho a tener hermanos.	Y el deber de jugar juntos.
Tengo derecho a jugar mucho a la consola.	Y el deber de aprobar todas.
Tenemos el derecho de hablar.	Y el deber de dejar hablar a los mayores.



A VENDIMA



A vendima faise no mes de setembro. Os grupos de vendimadores



levan na man uns cestos e tesoiras para cortar os acios.

Cando os enchen, valéiranos nun canastro e logo trasládanos á bodega onde se esmagan. Hoxe faise de forma mecanizada pero antes nos lagares facíanse cos pés e con paus. Logo prénsano e bótano nos barrís a ferver oito días para que se purifique.

Unha vez limpo, e pasado un tempo, embotéllano.

Mentres fan todos estes traballos, que son moitos días, a xente busca a forma de pasalos ledos, e...¿cómo?, pois cantando, contando chistes, adiviñas,...etc.

Aquí poñemos unha pequena mostra desas actividades da vendima.

CANTIGAS

O bo viño de Cela,
que a trinta pesetas subiu,
veñen a probalo
Marín, Beluso e Bueu.
Viño tinto, viño tinto,
río de moitas cores,
cando o río leva tantas
¡que farán os seus amores!.

Gústame a vendima,
gústame vendimar,
as uvas que van á boca
non chegan nunca ó lagar.
O tempo da vendima
é polo san Miguel,
as uvas deste ano
son doces coma o mel.
O tempo portouse ben,
san Miguel, san Migueliño,



a xente está contenta
este ano hai moito viño.

Na beira do camiño
non plantes viño,
pois cada un que pasa
colle un racimo.
Vendima, vendimador,
na vendima do meu pai
que o viño vai na cabeza
e o pan na cestiña vai.
Dame viño, dame viño,
auga non cha pode ver,
sonche desa condición
e con ela hei de morrer.

REFRÁNS

- Mora madura, pinta a uva.
- Albariño e caíño son os reis do viño.
- Castañas, viño novo e chourizos, no



mes de Santos,
son vicios.

- Algo ten a agulla do caíño que lle falta os outros viños.
- Da vendima ó Nadal todo é coser e cantar.
- Polo san Miguel, as uvas saben a mel.
- O viño fai do vello un mociño.
- A chuvia de san Xoán tolle o viño e non da pan.
- Polo san Simón apreta o baldón.
- Con pan e viño ándase o camiño.
- Apañémo-lo viño maduriño e teremos bo viño.
- Labrador larchán, nin colle viño nin sega o pan.
- As castañas polo san Martiño teñen sede e queren viño.

- Xa o pai e mailo fillo beben o viño polo cunquiño.

4º A e 4º B.

HISTORIA DE PAPÁ NOEL

O cambio que levou ó bispo san Nicolás a converterse no gordinflón barbudo vestido de vermello e branco que trae regalos ós nenos é tan apaiñoante como a súa propia lenda.



San Nicolás naceu ó redor do ano 280 en Petara, unha cidade da antiga Licia, en Asia Menor. Era fillo dunha familia rica de comerciantes e gozou dunha boa educación. Á morte dos seus pais, por culpa dunha peste, regalou tódolos seus bens entre a xente que sobrevivira a aquela catástrofe.

Púxose en camiño en dirección a Myra (Turquía) na busca do seu tío que era o bispo daquel lugar. Ós 19 anos o seu tío ordenouno sacerdote e moi pronto ocupou o cargo do seu tío trala morte deste. Morreu sendo arcebispo de Myra preto do ano 350.

Fíxose famoso pola súa xenerosidade e amabilidade para cos máis necesitados e para os nenos. A súa fama foise estendendo e comezou a ser protagonista de gran cantidade de lendas.

Os vikings adoptárono como santo patrono e deles pasou a Rusia onde se converteu en Santo nacional a principios do século X.



A súa fama estendeuse aínda máis cando os seus ósos foron roubados de Myra por uns mariñeiros que os levaron para a cidade italiana de Bari. Empezou a obrar

milagres e a súa fama correu coma o vento por toda Europa.

Desde mediados do século XIII san Nicolás repartía regalos e xoguetes, primeiro durante a noite do 5 ó 6 de decembro, pero logo pasou a entregar os regalos o día do Nadal.



A misión de repartir regalos ós nenos polo Nadal foi adoptada por todo Europa, e o personaxe encargado de facelo foi aparecendo a partir da figura do san Nicolás medieval. Así naceron, por exemplo, os lexendarios *Kolya* (Rusia), *Niklas* (Austria e Suíza), *Pezel-Nichol* (Baviera), *Semiklaus* (Tirol), *Svaty Mikulas* (ex Checoslovaquia), *Sinter Klaas* (Holanda), *Father Christmas* (Gran Bretaña), *Santa Claus* (EE.UU.), *Père Noël* (Francia)...

Pero o gordinflón de barba branca e vestido con traxe vermello, que conduce polo aire un trineo transportando un saco cheo de xoguetes, débémollos ás tradicións holandesas e ós escritores e debuxantes de Nova Iork, EE.UU.

A partir do século XIII nomeouse santo protector de Ámsterdam. Representábase vestido con roupa eclesiástica, barba branca, montado nun burro e levando un saco ou cesta de regalos para os nenos bos e un feixe de varas para os malos.

Cara ó século XVII solía chegar nun barco desde España, cun cabalo branco, sempre acompañado do seu fiel servidor

moro **Pedro o Negro**. Este personaxe leva un saco cheo de golosinas e cando as acaba mete nel a tódolos nenos que se portaron mal durante o ano e lévaos para España (un castigo horrible para aquela época, xa que estaban enemistados con España).



Esta tradición traspasou o Atlántico xunto ós colonos holandeses que foron instalarse ás costas de Norteamérica.

Washington Irving, amante do folclore europeo, en 1809, describe a chegada do santo cada véspera de san Nicolás. Describeo xa sen roupa de bispo e sobre un corcel voador. Fíxose tan popular que incluso os colonos ingleses festexaron a celebración holandesa. O nome foi derivando de san Nicolás, Sinterklaas ata acabar sendo pronunciado Santa Claus polos anglofalan-tes.

O seguinte paso na transformación definitiva de san Nicolás en Santa Claus ocorreu o 23 de decembro de 1823, cando apareceu un poema nun diario de Nova Iork, titulado *“Un relato sobre la visita de san Nicolás”*. En 1862 soubóse que o escribira Clement C. Moore, profesor de estudos bíblicos. Cambiou o trineo tirado por un cabalo voador por outro tirado por renos.



Descríbiuno como un tipo alegre, gordo e de pequena estatura. Parecido a un gnomo.

A imaxe do gordo Santa Claus detallouna ó máximo o debuxante Thomas Nast, que publicou ilustracións de Santa Claus na revista *Harper's* de 1860 a 1880.

A finais do século XIX e principios do XX o costume do san Nicolás reinventado en Nova Iork, foise estendendo por case toda Europa.

Pero finalmente foi Coca-Cola a que lle deu o seu actual aspecto en 1931. Para a campaña publicitaria do Nadal deste ano, Coca-Cola encargoulle a Abdón Sundblom que remodelara o Santa Claus de Nast. El creou un Santa Claus máis alto, máis gordinflón, máis simpático, con cara de bonachón, de ollos pícaros, con pelo cano, longa barba e bigote. A vestimenta mantivo as cores vermella e branca, que son as da compañía, pero o seu traxe fíxose máis luxoso e atrac-



tivo.

Á imaxinación de todas esas persoas débese o noso actual repartidor de regalos.

Todos sabemos que vive no Polo Norte rodeado de moitos trasnos que lle axudan a facer os regalos que lle piden tódolos nenos do mundo e que reparte nun trineo voador tirado polos sete renos que se chaman Balarín, Saltador, Zalamero, Bromista, Alegre e Veloz, todos eles liderados por Reno o do nariz vermello.

Isto que se comenta por aí de que os regalos en Noiteboa pónenos os pais dos nenos, é unha gran mentira.

¡Nada máis alonxado da realidade!

LARPEIRADAS CONTRA O FRÍO

TORTA DE NADAL

INGREDIENTES: 300 gramos de fariña de millo, 100 gramos de fariña de centeo ou trigo, 100 gramos de figos pasos, 100 gramos de pasas sen rabo, 100 gramos de noces picadas, 1/2 cunca de nata fresca, auga, levadura, un chisquiño de sal.

PREPARACION: Comezaremos formando unha masa coas fariñas, a levadura esluída en auga tibia e o sal. De seguido agregaremos o azucre e a nata. Despois situámolo nun lugar temperá taparémolo cun pano e agardaremos a que levede. Tras disto volvémoslo a amasar, engadíndolle as pasas, os figos picados e as noces. Estendémolo nunha fonte de forno previamente enfariñada e metémolo no forno ata que se doure.



FLAN DE CASTAÑA

INGREDIENTES: 1/2 quilo de castañas, 250 gramos de azucre, 4 ovos, 2 cuncas de leite, 1 tubo de vainilla en po.

PREPARACION: Mondamos as castañas e poñémolas a cocer durante o tempo xusto para quitarlles a segunda pel. Unha vez peladas completamente, porémolas a cocer co leite, 150 gramos de azucre e a vainilla. Cando estean desfeitas pasarémolas por unha peneira, agregándolles máis leite se fose preciso. De seguido mesturaremos a pasta coas 4 xemas e o resto do azucre, removéndoo ben, e logo uniremoslle tamén as claras a punto de neve, poñéndoo todo a cocer ó baño María nun molde untado de caramelo ata que se faga.

NATILLAS DE PAN

INGREDIENTES: Pan reseso, leite, azucre e canela.

PREPARACION: Ponse o pan a amolecer no leite, bótaselle azucre a gusto e un chisco de canela en po. Desfaise ben co batedor e sèrvese

BICA


INGREDIENTES: 3 ovos, 300grs. de azucre, 150 grs. de manteiga, 1 bote de nata líquida, 300 gr.de fariña, 1 sobre de Royal e canela.

PREPARACION: Mestúranse os ovos, o azucre e a manteiga. Engádeselle a nata, a fariña e o Royal. Úntase un molde con manteiga e ponse nel a masa. Salferímola co azucre mesturado coa canela e métese ó forno a 180° uns 45 minutos.

FILLOA DE ANIS

INGREDIENTES: 12 culleradas de fariña, 3 ovos, 1/2 cunca de auga, 1/2 cunca de anís, leite e manteiga de vaca.

PREPARACION: Comezaremos mesturando os ovos co anís e, pouco a pouco, iremos incorporando a fariña, despois baixarémola con auga e o leite necesario para que se forme unha pasta suave e moi fina. Mollaremos a tixola cun pouco de manteiga derretida e botaremos unha cullerada de nata deixando que se faga por ámbolos dous lados. Unha vez feita salferirémola co azucre.



MELINDRES

INGREDIENTES: 15 xemas, 3 ovos, 1/4 quilo de améndoas moidas, 1/4 quilo de azucre, fariña, unha cunca de anís, aceite e sal.

PREPARACION: Para comezar bateremos as xemas, os ovos, o azucre, un chisquiño de sal e o anís. Cando todo estea ben unido engadiremos, pouco a pouco, a fariña ata formar unha masa con consistencia á que agregaremos a améndoas feita pasta. Unido todo ben pasamos a preparar os melindres, que poremos sobre unha fonte aceitada e meterémolo no forno para que se faga.

A CASA DO POBO


JOSÉ RAMÓN ÁLVAREZ PÉREZ: Licenciado en Historia, Xeografía e Arte especialidade de Historia Contemporánea. Investigador do asociacionismo mariñeiro e das implicacións do Movemento Agrarista nunha economía do mar, do que publicou traballos en diversas revistas. É autor do artigo “Johán Carballeira, unha obra por rematar”. Coautor do monográfico “A sociedade de agricultores “El Progreso” de Beluso. Unha experiencia de asociacionismo agrario (1931-1936)”

Josuha: ¿Que é a Casa do Pobo?

J. Ramón: Pois ao longo do tempo foi moitas cousas: foi abandonada, empregada como corte para cabalos, tamén se utilizou para as diferentes actividades da egrexia parroquial. Agora, como todos sabedes, é a biblioteca do pobo, centro de reunión das diferentes asociacións e lugar no que se desenvolve case toda a oferta cultural de Beluso. Pero non naceu exactamente co obxectivo que hoxe desempeña.

Rebeca: ¿Entón cal era ese obxectivo?

J. Ramón: Fundamentalmente social, cultural e económico. É dicir, era a sede e centro de reunións dunha sociedade de labregos que existiu en Beluso nos anos trinta do século XX. Ademais de esto era o lugar onde, coma hoxe, se gardaban e prestaban libros, ao mesmo tempo que se facían representacións de teatro, concertos de música e bailes. Unha actividade importantísima era a de escola: neses anos trinta, coma nos anos anteriores, os obreiros, labregos e xente pouco acomodada non tiña cartos para pagarlle aos fillos os estudos máis básicos nin había unha preocupación grande por parte dos gobernantes para proporcionar



estes estudos de forma gratuíta, como hoxe ocorre. Así que esta sociedade de labregos chamada “El Progreso” daba a posibilidade a maiores e novos de aprender a ler, escribir, sumar, restar e demais aprendizaxes que hoxe son do máis normal ter desde moi pequeniños.


Hugo: Aparte destas ¿celebraban algún tipo de actividades máis?

J. Ramón: Si. Ademais das actividades de ocio e culturais, “El Progreso” fomentaba outro tipo de actividades na Casa do Pobo; estas eran actividades políticas e agrarias.

Dentro das políticas celebraban reunións referentes ao funcionamento interno da asociación de labregos: onde hai socios, un presidente, un secretario, etc. Tamén era utilizada por esta propia asociación ou outras asociacións para ter reunións máis políticas: aquí reuníanse socialistas, anarquistas, galeguistas, xente dun partido chamado Partido Radical, republicanos tamén ou mesmo comunistas. Celebraban tamén conferencias e mesmo a Casa do Pobo era o centro onde se realizaban manifestacións como a do Día do Traballo.

As actividades agrarias era o proxecto máis ambicioso de “El Progreso” e da súa Casa do Pobo. Temos que saber que

a pobreza naqueles tempos, nos anos trinta e antes, era moi grande. Así que esta sociedade de labregos facía pagar unha cota aos seus socios, e co diñeiro recadado compraba semente para os campos, útiles de traballo agrícola, sulfates, etc. Ao compralos directamente en fábrica e en grandes cantidades, os prezos diminuían e, con menos cartos, lograban comprar máis cousas e de mellor calidade. Por outra parte, tamén se compraban artigos básicos do consumo nas casas: aceite, xabón, patacas...



Soraya: Entón ¿en que ano se construíu a Casa do Pobo?

J.Ramón: Empezouse a construír no ano 1933, e xa para marzo de 1934 estaba totalmente rematada. O 1 de abril dese mesmo ano 34 inaugúrase oficialmente cunha conferencia dada por persoeiros moi importantes tanto a nivel galego como español.

Nerea: ¿Quenes foron estes conferenciantes?

J.Ramón: Pois viñeron a dar a primeira conferencia da Casa do Pobo Alexandre Bóveda, Cruz Gallástegui e Johán Carballeira. Bóveda era un importantísimo membro do Partido Galeguista que, dalgún xeito, puxo a primeira pedra alá nos anos trinta para



Cruz Gallástegui


poder ter hoxe o Estatuto de Autonomía de Galicia. Cruz Gallástegui era un moi importante científico a nivel europeo, e director da Misión Biolóxica de Galicia, que tiña o seu centro en Lourizán. E a Johán Carballeira supoño que o coñeceredes un pouco máis: era de Bueu, poeta, xornalista, político e o último alcalde democrático que houbo no concello desde 1936 ate 1978.

Zaida: ¿Houbo outros conferenciantes de sona na Casa do Pobo?

J.Ramón: Si. Durante os anos de actividade de “El Progreso” viñeron dar conferencias á Casa do Pobo xente que xa era e máis tarde foi moi famosa e importante. Aquí veu Bibiano Osorio Tafall, que foi unha das grandes figuras galegas da política: deputado nas Cortes, desempeñou altos cargos nos ministerios de Traballo e Gobernación da República, tamén foi presidente do Comité Central de Autonomía, fundamental para a redacción do Estatuto de Autonomía de Galicia. Durante a Guerra Civil (1936-1939) foi Comisario Xeral de Defensa e durante os seus anos de exilio deu clase en diversas universidades europeas e estadounidenses, e foi un destacadísimo funcionario da ONU. Outro conferenciante famosísimo que estivo na Casa do Pobo foi Castelao: debuxante, escritor, político... que supoño que todos coñeceredes ou, almenos vos soe.

Entre o público que asistía a estas conferencias tamén houbo persoeiros que máis tarde foron, tamén, moi famosos, como é o caso do escritor Gonzalo Torrente Ballester (que se casou cunha rapaza de Bueu).

Agora si, o que non podemos esquecer é que houbo xente moitísimo máis importante que estivo vinculada ás actividades da Casa do Pobo.



Johán Carballeira

Alberto: ¿E quen foi esa xente?

J.Ramón: Todos os habitantes do Beluso daquel tempo. Porque o que realmente é a Casa do Pobo de Beluso é un monumento á solidariedade. Vós imaxinade isto: un grupo de xente, que constituía a sociedade de agricultores, decidiu que Beluso necesitaba un lugar onde celebrar conferencias, bailes, mitins, un lugar onde houbera unha biblioteca e se deran clases, onde celebrar actuacións de teatro e de música. Decidiron pedir a colaboración do resto de habitantes de Beluso e uns regalaron o terreo, os emigrante en América mandaron cartos, os que tiñan carros transportaron a pedra, os que eran carpinteiros puxeron o seu traballo, os de Beluso que eran canteiros puxeron os bloques, quen era albanel fixo o tellado, outros puxeron máis cartos e outros deron clase dentro. Todos traballaron gratis. Poderíades pensar que perderon cartos. E eu penso que non, que toda esta xente tiña claro que ían gañar sempre. Porque a casa non era para unha persoa en particular, era para todos eles, para todos os habitantes de Beluso e a xente que quixese vir de fóra.

Entre toda esa xente seguro, seguro había xente da vosa familia. Preguntádeo na casa. Eu pregunteino e souben que o meu bisavó tamén axudou na construción da Casa do Pobo.

Aida: Pero, se a xente participou deste xeito e o consideraron algo tan importante ¿por que, como ti dixeches, quedou abandonada?

J.Ramón: Porque para algúns toda esta solidariedade e preocupación polos demais era perigoso. Vós sabedes que agora, coma antes, hai xente que manda e xente que obedece sen dicir nada. Pois esta xente de Beluso que construíu a Casa do Pobo, como os que mandaban non lla construían, decidiron facelo eles.

¿Isto que significou?, que os que mandaban xa non mandaban. Eles querían seguir mandando e non lle gustaba que todo o mundo puidese opinar e facer as cousas sen consultarlles. Entón, cando tiveron unha oportunidade, acabaron con toda esta situación.


José M.: ¿E iso cando e como foi?

J.Ramón: Empezou en 1936, dous anos despois de ser construída a Casa do Pobo.

Comezou a Guerra Civil. Un grupo de militares rebeláronse contra o goberno democrático da República e empezou a guerra. Aquí en Galicia no houbo combates. Os rebeldes conquistaron Galicia en dous días. Así que entre os militares e os que mandaban dedicáronse a destruír as antigas sociedades de labregos, as sociedades políticas. Tamén pecharon as sedes destas mesmas sociedades. Así foi como pecharon a Casa do Pobo e a converteron nunha cadra de cabalos.

Sara: Pero agora é a biblioteca ¿foi algunha outra cousa antes?

J. Ramón: Pois despois de ser durante un tempo corte, máis tarde foi empregada pola igrexa parroquial para outra serie de cousas: catecismo, teatro e demais actividades relacionadas coa igrexa. Nos anos setenta volveuse abrir para o desfrute de todo o pobo e empregouse



Informe ao Concello do remate das obras da Casa do Pobo, 1934.

como biblioteca. A única biblioteca que había en todo o concello de Bueu.

Marcial: ¿Foi biblioteca desde esa época ata agora, sen interrupción?

J.Ramón: Non. Sendo eu pequeno o goberno do concello decidiu que había que arraxala e ampliála, así que pechárona, sacaron os libros e tiraron co tellado. Así quedou durante 7 anos.

Despois, a xente de Beluso fixo como fixeran os que a construíron: fartos de que durante 7 anos nos deixaran sen poder empregar a Casa do Pobo, reuníronse un grupo moi numeroso de veciños na entrada e andando (con pancartas) foron ata o edificio do concello para reclamar a reapertura deste edificio de Beluso, que os seus avós construíran sesenta e tantos anos antes. Parece que os que mandaban se deron conta do necesario que era para todos volver abrir a Casa do Pobo.

Damián: ¿Como lle chamamos, Casa do Pobo ou biblioteca?

J.Ramón: Podedes chamarlle como queirades, pero o certo é que o nome que a sociedade de labregos, e tódolos veciños de Beluso, lle deron foi o de Casa do Pobo. Dentro da Casa do Pobo fanse case tódalas actividades que se facían cando se fundou, entre elas o de servizo de Biblioteca. Para min é o que é a Casa do Pobo: porque a fixo o pobo de Beluso e para uso do pobo é.

Borja: Entón ¿aínda están aí os libros que había cando se fundou?

J.Ramón: Non. Todos eses libros se perderon. Moita documentación e case tódolos libros foron queimados polos sublevados na Guerra Civil. Houbo xente que puido recoller algún dos libros que alí había e, por medo a que lle fixeran algo, os enterraron nas veigas. Hoxe non se sabe en que veigas están, aínda así non creo que sexa en moi boas condicións.

Inés: ¿E que lle pasou á xente que construíu a Casa do Pobo?

J.Ramón: Non che sei dicir moi ben. Mataron a moita xente que estaba relacionada coa sociedade de labregos “El Progreso”, na directiva; pero tamén mataron a outros que non eran membros das directivas. Moita outra xente fuxiu fóra de España. E dos que quedaron: a algúns os collían para darlles palizas, a outros lles roubaron as terras, e a outros non lles fixeron ningunha destas cousas. Se temos en conta que a Casa do Pobo axudaron a facela tódolos veciños de Beluso, tampouco os ían matar a todos. ¿Ou non?.

Daniel: ¿E ti como sabes todo isto da Casa do Pobo?

J.Ramón: Pois porque mo contaron. Primeiro empecei preguntando na miña casa: a meu pai, a miña nai... Despois empecei a ir á casa da miña familia, e de aí pasei a falar con xente de todo Beluso. O certo é que meu



avó e meu bisavó, que axudaron a construír a Casa do Pobo, xa non vivían e non puideron falar con eles nin preguntar-lles nada. Cando eles vivían eu era moi pequeno e non me interesaban estas cousas. O certo é que hoxe me arrepiño un pouco de non ter falado máis co meu bisavó e cos meus avós. Tanto da casa do Pobo como doutras cousas.

Tassiane: ¿Sabes todo isto só preguntando?

J.Ramón: O certo é que non. Tamén tiven que ler moito. Todo o que non me puideron contar meus avós tíveno que ler nos libros. E ¿sabedes unha cousa curiosa?: os primeiros libros que lin na miña vida foron na biblioteca da Casa do Pobo de Beluso.

POESÍAS

O CARRUSEL

O teu pelo é marrón.
Os teus ollos tamén,
por iso te levo
no meu carrusel.

Feito de madeira,
de prata e de ouro,
igual que te quero,
eu así cho poño.


Que ó teu gusto estea,
para nel montar
e te miren os meus ollos
dentro del soñar.

Estrella 6º B.



O INVERNO

No mes de decembro
¡chegou o inverno!
coa neve branca
e un frío eterno.



O mellor de todo
é estar coa familia
recordando tempos
do verán na India.

Cati, 6º B.

O MEU CURMÁN

O meu curmán
vive en Aldán
e vén a casa
polo Nadal.

El trae a árbore
para adornar
e villancicos
para cantar.

Na noite de Reis
xa non ten sono
porque cos nervios
non pecha os ollos.



Pola maná
cantan os galos
imos abrir
eses regalos.

Estrella.6ºB.

O GAMBA

Un día sen o Gamba
non era divertido
ó non poder pescar
sempre estaba aburrido.



Contento navegaba
no Gamba o meu avó
con riscos e tormentas,
con frío e con calor.

Perdidos nunha illa
os dous amañeceron
pasando o día enteiro
xuntos pero sen medo.

Cati, 6º B.

O MAR

Eu non quero ir o mar
pois nel me podo mollar.
Eu non quero ir o mar
porque non che sei nadar.



Eu non quero ir o mar
xa que me podo afogar.
E a min gústame o mar
cando me quero bañar.

Cintia 6 ° B.

O VENTO

O vento zoaba
mentres eu choraba,
o vento batía
mentres eu nacía.



O vento cantaba
mentres eu xogaba,
o vento fuxía
mentres eu morría.

Cintia, 6° B.

O MAR

O mar é coma un gran vaso,
No que te podes refrescar,
E encontrar pasiño a paso,
Un espello onde mirar.

Coma os mares desta terra,
non os hai noutro lugar,
neles podes atopar,
pequenos peixes que capturar.

Ángel, 6ºB.

SANTIAGO

Santiago, capital de Galicia,
capital do meu ser e razón,
Situado en terras da Coruña,
Estás no fondo do meu corazón.

En Santiago descansa o
apóstolo,
en Santiago naceu a catedral,
a Santiago van os peregrinos,
a Santiago eu quero chegar.

Ángel, 6ºB.



EXCURSIÓN A BELÉN

O s rapaces de Beluso
fomos de excursión a Oriente,
porque alí naceu un Neno
nas palliñas dun pesebre.

Acompañados dos mestres,
saímos de mañanciña
percorrendo moitos montes,
moitas leiras, moitas vilas.



Levan moitos agasallos,
roupa, xoguetes, comida,
peixes de tódalas clases
pescados na nosa ría.

Salta da cesta de vimbio
un rodaballo pintoso,
diríxese cara ó Neno
e chíscalle un pouco un ollo.

Chegamos a Belén cansos
pola longa camiñata,
pero o amigo Jacobo
seguía dando a lata.

A súa profe, coma sempre,
chamáballe a atención
porque lle estaba tirando
das orellas a aquel boi.

A nécora vai detrás,
parece que non ten medo,
cunha das súas patiañas
fáille cóxegas nun dedo.

Aparecen as sardiñas
acompañadas das xoubas,
van soltando as escamas
para que sirvan de alfombra.

Caladiños coma petos
todos vimos ó Neniño
que choraba entre as pallas,
tiña frío o coitadiño.

Dalí a un pouquiño tempo,
Francisco, o de A Chadiza,
tiroulle do rabo á burra
e ó Neno deulle a risa.



Toda a xente de Beluso
entona o villancico:
“Campana sobre campana...”
para alegrar ó Neniño.

De contento que se puxo
levantouse do pesebre,
deulle as gracias ós rapaces,
ós peixiños e á outra xente.

O boi dalle á cabeza,
move as orellas contento,
porque presinte que fóra
chega máis xente onda o Neno.

De regreso para a casa
viñemos todos contentos,
trouxemos moita ledicia
e tamén a paz por dentro.

Son os veciños de Bon,
de A Chadiza, Sar, A Rosa,
de Cabalo e Montemogos
e tamén os da Rúa Nova.

Penso que o vindeiro ano
tiñamos que repetir
esta excursión tan bonita
que me fíxo tan feliz.

Os da Praia de Beluso
tampouco faltan á cita,
nin os de Chan de Piñeiro
que van con moita ledicia.



Anónimo.


A REVOLUCIÓN

Voume presentar, chámome Carlos de Diego, teño trinta e tres anos e vivo en Colombia, máis ben en Boaventura, ó oeste do país. Ben, naquela época eu tiña trinta anos e era o xefe da garda do rei Choromicas I . O meu traballo era bastante complicado, pois se había un golpe de estado tiña que correr ata o seu despacho;



levarlle unha caixa de “clínex”, porque senón enchía o despacho de mocos, collelo en brazos e sacalo sen que ninguén se enterara.

Certo día estaba eu facendo a miña quenda, cando entraron os seguidores do xeneral Metomentodo, un home desprecia-



ble, por certo. Como era de esperar, fun onda o rei e collino en brazos, cousa que non foi fácil. Pois comprendédeo, coller en brazos a unha mole de cento dez quilos, non o fai calquera. Chamei a tódolos militares (facendo sinais de fume, o teléfono estaba escangallado) e dirixímonos á selva, máis concretamente ó poboado duns indíxenas amigos do rei. Foi desde alí, desde ese remoto lugar, desde onde comezamos a reconquista da cidade.

O martes, día trece, foi a data sinalada para o ataque. Ese día levanteime con poucas ganas de pelexar, pero como

onde hai patrón non manda mariñeiro, marchamos decididos a tomar a tan ansiada fortaleza. Cando chegamos, había un forte control policial e o motivo era que se celebraba a festa do noso patrón San Santiago de Boaventura. Ó entrar no palacio real, aproveitando un despiste da policía militar, démonos conta que Pablo o “Despistado” olvidárase das armas. Pero, ¡sorpresa!, nese momento o mesmo Pablo ó querer acender un puro, plantou lume nas cortinas, e gracias a ese pequeno incendio o xeneral Metomentodo tirouse pola ventá do despacho e nunca máis se soubo o que foi del. Non se sabe se rompeu a testa contra as pedras da rúa, aínda que a súa cabeza é máis dura có buxo, se fuxiu coma un cobarde ó estranxeiro ou se é o vendedor da ONCE que ten vendada a cabeza. Sexa como sexa librámonos dunha noxenta alimaña.

Ángel Torres, 6º B.

AS TRES NINFAS

Laila era unha bolboreta orfa que non sabía voar. Todos se rían dela. Un día non aguantou máis e marchou cara ó bosque. O camiño íaselle facer eterno, xa que, a pesar de que non sabía voar, os pasos de Laila eran moi pequenos. De súpeto, un cabalo pasou por alí. Despois do susto, estaba esgotada e botouse a durmir. Cando despertou atopouse cun hermoso lago e ó seu arredor tres ninfas.

- ¿Quen sodes vós?- preguntou Laila.
- Somos as ninfas, ¿Qué che pasa?
- E que non me ensinaron a voar e todos se rin de min.



– Non te preocupes, nós ímosche axudar. Atravesaron a cascada e unha das ninfas dixo:

– Esta é a nosa casa.

Despois de varios días ensinándolle a voar, por fin aprendeu.

Volveu ó seu pobo chea de ledicia. Alí coñeceu a unha amiga e os pais dela coidárona moi ben. Desde entón nunca máis volveu estar triste.

Aida Queimaño 3º B.

HELENA VAI Ó CIRCO

Helena tiña que facer un exame moi importante e o seu pai díxolle que se estudiaba moito e aprobaba entón podía ir ó circo.



O circo pasaba polos pobos unha vez ó ano e Helena tiña moitas ganas de ir. Díxolle a seu pai se podía invitar ó seu curmán Xoán e o pai díxolle que si.

Helena aprobou o exame e estaba moi contenta porque ía ir ó circo. A cola para mercar as entradas era moi longa. Estaban case tódolos rapaces do pobo.

No circo había leóns, crocodilos, serpes, hipopótamos, avestruces, pallasos, trapevistas... A Helena e a Xoán o que máis lles gustaron foron os trapevistas que se colgaban nunhas cordas altas e saltaban dun trampolín a outro.

Helena e Xoán pasárono moi ben. Ó chegar á casa Helena contoulle á súa nai todo o que vira no circo. A nai díxolle que tiña que estudar sempre para aprobar os exames todos e para o ano que vén podía ir ó circo outra vez, porque o circo vén unha vez ó ano.

Andrea Sampedro 3º B.

A FAMILIA POBRE

Nunha cabana moi lonxana, nos cumes máis altos, vivía unha familia moi pobre co seu fillo.



O neno non sabía que Papá Noel traía regalos como os Reis Magos.

Un día foi de viaxe co seu pai á cidade e os nenos estaban falando de Papá Noel. Entón el e o seu pai preguntaron quen era e díxéronlles que era un señor mayor que ía nun trineo e que en Noiteboa entraba nas casas dos nenos pola cheminea para deixarlle regalos.

Ó volver á casa o día despois da Noiteboa mirou na árbore que puxera e atopou uns paquetes e o pai díxolle que eran os regalos que lle deixara Papá Noel.

Mauro Rodríguez, 3º B.

TONI E O NADAL

Toni era un neno que vivía nunha casa. Cando se enterou de que o Nadal xa ía chegar púxose moi contento. De camiño á escola encontrouse cun grupo de rapaces que lle dixeron:

- ¿Onde vas tan contento?.
- É que Papá Noel vaime traer agasallos.
- Ja, ja, ja, e cre en Papá Noel. Se non existe...

Despois do colexio marchou para a súa casa e díxolle á súa nai:

- Mamá, Papá Noel non existe.

Cando chegou o Nadal non lle fixo ilu sión. Pola noite púxose a espíar e de pronto apareceu Papá Noel e deixou un montón de agasallos.

- ¡Anda, pero si existe! – dixo Toni.

Pola mañá abriu os paquetes e encontrouse cunha moto.

- ¡Mamá, mamá, mira que moto tan bonita. Equivoqueime. Papá Noel si que existe!


Aida Queimaño, 3º B.



UNIDOS POR UN MISTERIO

Corría o ano 1900. Un español chamado: Cristian Álvarez Domínguez, anos 30. Recorremos máis países e atopámonos cunha moza chamada Mary Washinton, de 27 anos de idade.

No cuartel xeral presentáronse os mellores axentes nacionais para resolver un caso sobre un castelo conquistado polo malvado doutor Mark. De máis de cincuenta axentes, escolleron só dous para enfrontarse ó maligno doutor Mark: ós axentes internacionais Cristian e Mary.



Unha vez aceptada a misión colleron voo a Roma, para atoparse co seu inimigo e tratar de darlle caza. Nuns intres que sobrevoaban o castelo, lanzáronse en paracaídas. Cando chegaron ó chan, eran as 00:01 horas.


Fóronse achegando ó castelo onde se atopa o doutor Mark. O camiño cara ó castelo estaba moi defendido, isto permitiúlles coñecerse.

Os gardas que custodiaban o castelo deron con eles (atopáronos), tras unha pequena trifulca caíron anestesiados no seu poder, os gardas leváronos presos ó castelo.

O doutor Mark vai á xaula onde están Cristian e Mary e dilles: "vós seredes os meus seguintes monstros".

Cada día transforma a dous dos seus presos. Á mañá seguinte tocaríalles a eles, tiña que pensar en algo e rápido.

Ó día seguinte, Cristian tivo unha



idea, mentres facía un estarían entretidos, el aproveitaría para despista-los gardas e tentaría entrar no laboratorio e conseguí-las chaves. Voltaría polos demais e tratarían de fugar-se.

O plan que puxeron en práctica saliúlles como eles pensaban, agás unha cousa: entrar á finca que rodeaba o castelo.

Conseguiron saír das mazmorras e atopáronse no exterior, escondéronse, xa terían tempo de pensar en como enfrontarse ós lacaios do doutor Mark.

Pasaron a noite equipándose para a batalla que se avecinaba. Fabricaron coas súas propias mans: lanzas, escudos, catapultas... (todos eles de madeira).

O doutor Mark víase na obriga de raptar a máis xente para engrandece-lo seu exército, pronto os humanos se fixeron insuficientes. Isto fíxolles inxeniar outro xeito de eliminalos. Fabricou un xerme venenoso. Esparceríao polas súas terras e eliminaríaos..

Os nosos heroes conseguiron porse a salvo; pero cando quixeron atrapar a Mark, este conseguira chegar ó seu avión particular. Puxo rumbo a Inglaterra, o país que máis lle gustaba, pensando que así despistaría ós nosos heroes.

Cando Cristian e Mary conseguiron chegar a Inglaterra, escoitaron rumores de que Mark estaba na cidade. Indagaron (fixeron pesquisas) e deron co seu paradeiro. Tras unha longa persecución pola cidade, lograron detelo.

O superintendente do cuartel xeral, a partir desta misión púxoos xuntos para realizar outras misións, polo que chegaron a coñecerse mellor.

Pasados os anos, decidiron casarse e formar unha familia.

Rey Takasawa, Mauro Álvarez, Alejandro Dios, Miguel Ángel Lemos 5º.



DEPORTES

Este curso, como é tradición, xa temos en marcha as ligas dos recreos, por Ciclos, de BALONMÁN e FUTBI-TO. Nestes intres rematou a 1ª destas ligas, que é a de BALONMÁN FEMININO, resultando CAMPIONAS as nenas dos equipos seguintes:

4ºA.


Victoria Freire Paredes.	Tania Golobardas Goberna.
Sheila Dios Martínez.	Patricia Comedeiro Alfaya.
Elsa Duarte Simoes.	Miriam Ferradás González.
Laura Cruz Estévez.	Judit Cerviño Malvido.
Ángela López Ferradás.	Uxía Ave Rial.

6ºB.

Laura Fernández Martínez.	Iris Fernández Otero.
Ana Mª Otero González.	Catalina Otero Pérez.
Sara Sampedro Chamadoira	Estrella Pérez Porto.
Nerea Rosas Regueira.	Sandra Smyth Novoa.
Andrea Vidal Villanueva.	Cintia Pequeño Otero

Durante este curso imos intentar celebrar competicións no patio cuberto, tamén por Ciclos e nos recreos, de VOLLEIBOL, BALONCESTO e TENIS DE MESA, tanto masculinas como femininas. A intención é incluso ampliar nun futuro a oferta deportiva para estas


competicións dos recreos, sempre e cando sexa posible por espacio, recursos e tempo.



Queremos lembrar que, con respecto ó Tenis de Mesa, as mesas de “ping-pong” que antes estaban na entrada do Colexio, agora están de forma permanente dentro do patio cuberto. Deste xeito, o tempo para poder vir a xogar a “ping-pong” polas tardes queda limitado ás tardes dos Martes. Lembrar tamén que estas mesas son para uso e disfrute exclusivamente dos alumnos/as e ex-alumnos/as do Colexio de Beluso. De tódolos xeitos, cada principio de curso, faise un listado con todos aqueles interesados en poder vir xogar a “ping-pong” polas tardes, para así ter constancia dos nenos/as que van a disfrutar desta posibilidade.




PASATEMPOS



Aprende a dicir "Feliz Nadal e próspero Aninovo" noutros idiomas:

Árabe - I'D Miilad Said ous Sana Saida
Catalán - Bon nadal i feliç any nou!
Croata - Sretan Bozic
Danes - Glaedelig Jul
Egipcio - Colo sana wintom tiebeen
Francés - Joyeux Noël et Bonne Année!
Hawaiano - Mele Kalikimaka
Inglés - Merry Christmas & Happy New Year
Iraquí - Idah Saidan Wa Sanah Jadidah
Italiano - Buon Natale e Felice Anno Nuovo
Japonés - Shinnen omedeto. Kurisumasu Omedeto
Koreano - Sung Tan Chuk Ha
Portugués - Boas Festas e um feliz Ano Novo
Rumano - Sarbatori vesele
Serbio - Hristos se rodi
Vasco - Zorionak eta Urte Berri On
Turco - Noeliniz Ve Yeni Yiliniz Kutlu Olsun
Vietnamés - Chuc Mung Giang Sinh - Chuc Mung Tan Nien



- Non ter fillos é hereditario; se teus pais non tiveron ningún, o máis probable é que ti tampouco os teñas.
- En Nueva York un home é atropelado cada dez minutos. O pobre ten que estar feito polvo.
- A probabilidade de ter un accidente de tráfico aumenta co tempo que pasas na rúa. Polo tanto, canto máis rápido circules, menor é a probabilidade de que teñas un accidente.
- O 33% dos accidentes mortais involucran a alguén que bebeu. Polo tanto, o 67% restante foi causado por alguén que non bebeu. Á vista disto e do anterior, está claro que a forma máis segura de conducir é ir borracho e a gran velocidade.

Os gatos e a velocidade límite




A caída dos gatos acostuma ter peores consecuencias se se produce desde un primeiro piso ca se é desde un 2º ou 3º. A explicación é a seguinte : cando o gato nota a aceleración da caída, adopta unha postura encollida coas patas estiradas, que lle permite, ó chegar ó chan, amortiguar o efecto do impacto. Se a caída se produce desde un primeiro piso, o gato non ten tempo de adoptar a mencionada postura.

¿QUE CHE PARECE?

- Quen fala mal de min ás miñas costas, o meu cu o contempla.
- O diñeiro non da a felicidade, pero procura unha sensación tan parecida, que precisa un especialista moi bo para poder diferencialo.
- Deixar de fumar é doado, eu xa o deixei como cen veces.
- Seguramente, existen moitas razóns para os divorcios; pero a principal, é, e será sempre, a voda.
- Cando o pescado entra na casa dun pobre, un dos dous está malo.
- Un egoísta é unha persoa que pensa máis en si mesma ca en min.

365 DÍAS NO ANO

Un ano ten 365 días para poder estudar. Despois de sacar 52 domingos, só nos quedan 313 días. No verán hai 50 días nos que fai demasiada calor para poder estudar así que nos quedamos con 263 días. Dormimos oito horas diarias, ó ano supoñen 122 días, así que agora contamos con 141 días. Se pasamos unha hora ó día falando con amigos e familiares, iso quítanos 15 días máis, xa só quedan 81. Exames e tets lévannos como mínimo 35 días no noso ano, así que só quedan 46. Sacando aproximadamente 40 días de vacacións e festas, quedámonos con seis días. Digamos que como mínimo estás tres días enfermo, así que quedan tres para poder estudar. Digamos tamén que só saes cos amigos dous días. ¡Xa só queda un! ¡pero resulta que ese único día é o teu cumpleaños! ¡Así que boa sorte a tódolos que estedes estudiando!



VAI DE CHISTES...

Chegan dous a pedir traballo e dicelle o xefe da empresa a un deles:

- ¿Vostede que sabe facer amigo?
- Eu, eu non sei facer nada.

O xefe exclama mmmmm...

Niso pregúntalle ó outro:

- ¿Vostede que sabe facer meu amigo?
- Eu, eu, son o axudante do meu amigo...

&&&&&&&&&&

Vai un loro co seu amo pola rúa e, de súpeto, pasa un señor e pregunta:

- "Disculpe, ¿o animal fala?"

E o loro responde:

- "Non, señor."

&&&&&&&&&&

¿Que fai un lepero de madrugada correndo e berrando polo campo?

Sementando o pánico.

¿Por que nos teitos dos coches policías de Lepe hai unha bañeira?

Por se se quere bañar a sirena.

¿Por que os leperos plantan as laranxas de 3 en 3?

Para recoller Trinaranjus.

¿Para que se suben os leperos á torre máis alta do pobo e tiran bolígrafos ó vacío?

Para facer "aeroBic".

¿Por que están en Lepe os semáforos tres ou catro metros máis alto do normal?

Para que non os salten.

Están dous leperos borrachos e un dille ó outro.:

Quillo, non sigas bebendo que te estás poñendo borroso.


¿Por que os leperos se abanican con serruchos?
Porque lles dixeron que o aire da sierra era moi bo.

SOPA DE LETRAS

Busca o nome dos seguintes debuxos:



L	A	N	Z	A	A	N	D	F	P
X	B	J	G	E	R	O	N	O	E
I	H	C	L	M	J	I	N	H	I
M	W	V	P	S	E	T	A	V	X
A	R	B	O	R	E	T	I	I	E
Z	I	A	M	Z	U	C	I	S	P
O	K	L	S	N	A	C	A	E	R
X	Y	O	W	N	F	G	H	I	Y
T	S	N	A	Y	V	U	H	R	N
R	E	L	O	X	O	B	Z	A	M



Cintia 6º B.

O alcalde de Lepe está dando un discurso na Praza Maior: - Queridos veciños, España rise de nós porque nós somos menos e eles son máis. Pero a historia está chea de casos nos que os menos puideron cos máis. Aí está o caso de David que matou a Goliat cunha moto.

- **Señor alcalde - replícalle un veciño- foi cunha "honda".**
- **Bueno -di o alcalde- non imos entrar en polémicas coas marcas.**

Unha nai de Lepe está bañando ó seu fillo e teno collido das orellas mentres o resto do corpo está na auga. Un home dille:

- **Señora ¿Que está facendo?, ¿Non lle colla das orellas!.**
- **¿Que queres, que me queime? - responde.**

Relatos cortos

El gato sencillo:

Había una vez un gato muy presumido. El día que se casó llevaba un traje y unos zapatos muy, muy elegantes, también un peinado requeteliso y engominado. Pasó un mes y se fueron él y su esposa a la boda de la hermana de la gata. Ella, la gata, obligó al gato a ir sencillo como a ella le gustaba. El gato en el restaurante le dio



las gracias y le dijo:

- Tienes razón, cariño, vestirse sencillo es estar más cómodo.
Y el gato siempre, siempre fue sencillo y nunca más fue presumido.

Marta López Romero, 3º A.

O coello que subiu á Lúa:

Había unha vez un coello que quería subir á Lúa, e un día ocorríuselle unha idea.



- Mañá pola mañá irei comprar un globo de cores para subir á Lúa.
E así foi. Á mañá foi compra-lo globo de cores. O coello comeu, tomou o postre e montou no globo de cores. E, ó final, o coello chegou á Lúa e foron moi amigos.
E colorín colorado, este conto está rematado.

Sara Bernárdez López, 3º A.

Escolma de chistes (3ºA)

- ¿Cuál es el colmo de lo imposible?
- Perder un imperdible.
- ¿Cuál es el colmo de una oca?
- Jugar al parchís.
- ¿Cuál es el colmo de un escritor?
- Comerse las letras... de una sopa.
- ¿Cuál es el colmo de un pastor?
- Quedarse dormido contando ovejas.
- ¿Cuál es el colmo de un bombero?
- Que se le queme la manguera.
- ¿Cuál es el colmo de un jardinero?
- Que su hija se llame Rosa y el novio la deje plantada.
- ¿Cuál es el colmo de los colmos?
- Operar un mosquito en un cuarto oscuro y con guantes de boxeo.
- Mamá, mamá, me he tragado la aguja del tocadiscos, iscos, iscos...
- Mamá, mamá, en el colegio me llaman James Bond.
- Pues mañana hablaré con el director
- No, mamá. Esta misión es mía.
- Mamá, mamá, en el colegio me llaman idiota.
- ¿Y a mí qué?
- A ti, tonta.
- Mamá, mamá, el abuelo está tirando todo por la ventanaaaaaaaah...
- Mamá, mamá, en el colegio nos llaman vacas.
- Muuuuuurmuraciones, hijo, muuuuuurmuraciones.
- ¿De qué murió el perro de Scotex?
- De un mal rollo.
- Está Caperucita en el bosque y cuando cae la noche... la aplasta.
- Era un príncipe tan feo, tan feo que Cenicienta se fue del baile a las once y media.



Os alumnos e o Claustro de Profesores
deséxanvos unhas

¡¡FELICES FESTAS!!

NADAL



C.E.I.P. Beluso